



Guía Docente				
Datos Identificativos			2012/13	
Asignatura (*)	Enfermaría Xerontolóxica	Código	661G01020	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Garcia Martinez, Carmen Maria	Correo electrónico	maria.garciam@udc.es	
Profesorado	Garcia Martinez, Carmen Maria	Correo electrónico	maria.garciam@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A Materia de Enfermaría Xerontolóxica ten como meta que o estudante adquira coñecementos, habilidades e actitudes sobre a problemática bio-psico-social do ancián, o que o capacitará para dar coidados integrais de fomento da saúde, prevención da enfermidade, recuperación e rehabilitación física e social, así como o coñecemento das causas e das consecuencias do envellecemento individual e poboacional.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Coñocer e utilizar conceptos relevantes sobre os procesos de envellecemento individual e colectivo tendo en conta a súa evolución e variabilidade dende unha perspectiva histórica, antropolóxica e social.	A49	B1 B2 B8	C4
Elexir e aplicar adecuadamente instrumentos de valoración e escalas específicas para o ancián eo seu cuidador/a, demostrando capacidade e habilidade para realizar a valoración integral do paciente ancián utilizando referentes teóricos e evidencias científicas	A49 A50 A51 A52	B2 B3 B8 B9 B13	C4
Analizar e discutir as diferenzas entre os cambios normais asociadas ao envellecemento de aqueles que son consecuencia dos procesos patolóxicos, relacionando estes cambios ca satisfacción das necesidades básicas.	A49 A50 A51 A52	B1 B2 B3 B8 B9 B13	C4
Identificar os procesos de alteración da saúde mais prevalentes nas persoas maiores no medio comunitario e hospitalario, planificando e prestando coidados de enfermaría a través dun modelo enfermeiro e un proceso de intervención baseado na linguaxe estandarizada (NANDA, NIC, NOC)	A49 A50 A51 A52	B1 B2 B3 B8 B9 B13	C4
Establecer e manter un proceso de comunicación eficaz, que permita que a persoa maior e / ou os seus coidadores expresen a súa percepción no proceso de coidar	A49 A50 A52	B1 B2 B3 B8 B9 B13	C4



Analizar e describir os distintos niveis e servizos asistenciais sanitarios e sociais identificando os recursos sociais existentes na comunidade e describindo como han de usarse tendo en conta ás necesidades das persoas maiores	A52	B1 B2 B3 B9 B13	C4
Promover estilos de vida saudable e auto-coidado, apoiando o mantemento de comportamentos preventivos e terapéuticos que promovan a independencia, na satisfacción das necesidades básicas humanas e melloren a calidade de vida na vellez, describindo o medio ambiente axeitado para o benestar e protección dos maiores	A49 A50 A51 A52	B1 B2 B3 B8 B9 B13	C4

Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade Didáctica I: Conceptos e Xeneralidades relacionados ca vellez	Tema 1. Conceptos Xerais Tema 2. Proceso de Envellecemento e Teorías Tema 3. Demografía da ancianidade
Unidade Didáctica II: Aspectos sociais, antropolóxicos e económicos do envellecemento	Tema 4. Socioloxía da ancianidade Tema 5. Aspectos Económicos da vellez Tema 6. Entorno arquitectónico na calidade de vida das persoas maiores
Unidade Didáctica III: A persoa maior san. Necesidades Básicas humanas asociadas ao proceso do envellecemento.	Tema 7. Concepto de anciano san e anciano fráxil Tema 8. Valoración de enfermería a persoa maior Tema 9. Necesidade de osixenación Tema 10. Necesidade de alimentación Tema 11. Necesidade de eliminación Tema 12. Necesidade de movemento Tema 13. Necesidade de descanso e soño Tema 14. Necesidade de manter a temperatura corporal Tema 15. Necesidade de Comunicarse e de expresión sexual.
Unidade Didáctica IV: A persoa maior enferma. Características das enfermidades no ancián. Procesos patolóxicos mais frecuentes	Tema 16. Características das enfermidades do ancián Tema 17. Terapéutica no ancián Tema 18. ACV Tema 19. Parkinson Tema 20. As Demencias
Unidade didáctica V: A atención sociosanitaria en España	Tema 21: Recursos formais e informais no coidado da persoa anciá con problemas de saúde y/o dependencia

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	26	26	52
Estudo de casos	14	21	35
Traballos tutelados	2	20	22
Proba mixta	2	28	30
Análise de fontes documentais	2	5	7
Actividades iniciais	2	0	2
Atención personalizada	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p>
Estudo de casos	<p>Metodoloxía onde o suxeito se enfronta ante a descrición dunha situación específica que suscita un problema que ten que ser comprendido, valorado e resolto por un grupo de persoas, a través dun proceso de discusión. O alumno sitúase ante un problema concreto (caso), que lle describe unha situación real da vida profesional, e debe ser capaz de analizar unha serie de feitos, referentes a un campo particular do coñecemento ou da acción, para chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión en pequenos grupos de traballo.</p>
Traballos tutelados	<p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente ao aprendizaxe do ?cómo facer as cousas?. Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p>
Proba mixta	<p>Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.</p> <p>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.</p>
Análise de fontes documentais	<p>Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.</p>
Actividades iniciais	<p>Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.</p>

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Proba mixta	<p>A atención personalizada relacionada cos traballos ten como finalidade orientar os estudantes na realización dos traballos. O seguimento farase de forma individual ou en pequenos grupos, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico.</p> <p>A atención personalizada relacionada coa proba mixta ten como finalidade atender as consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia. Farase de forma individualizada, ben de maneira presencial ou a través do correo electrónico.</p>

Avaliación		
Metodoloxías	Descrición	Cualificación



Estudo de casos	A asistencia e participación activa na aula a través dos grupos de traballo, onde se avaliará a adquisición de competencias específicas e transversais, suporá o 10% da cualificación final. A asistencia a os grupos de traballo será obrigatoria.	10
Traballos tutelados	A realización dos traballos tutelados será obrigatoria. Puntuará sobre un mínimo de 0 e un máximo de 10. Suporá o 20% da cualificación final. para a avaliación dos traballos seguiranse criterios de calidade sobre: presentación, estrutura, contidos, bibliografía e exposición oral, de se realizar.	20
Proba mixta	Proba escrita con pregunta curta, tipo test e a resolución de casos prácticos para avaliar, fundamentalmente, a aprendizaxe das competencias. Sendo condición indispensable para superar a materia haber superado o examen con nota igual o superior a un 5 sobre 10.	70

### Observacións avaliación

&nbsp;

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Nursing. Edición española (). .</li> <li>- Enfermería Clínica (). .</li> <li>- Gerokomos (). .</li> <li>- Revista Española de Geriatría y Gerontología (). .</li> <li>- García López MV, Rodríguez Ponce C, Toronjo Gómez AM (2008). Enfermería del anciano. 2ª ed. Madrid: DAE</li> <li>- García M, Torres P, Ballesteros E (2006 reim). Enfermería Geriátrica. 2ª ed. Barcelona: Masson</li> <li>- Quintanilla Martínez M (2001). Enfermería Geriátrica. Cuidados integrales en el anciano. Vol 1. Barcelona: Monsa Ediciones</li> <li>- Quintanilla Martínez M. (2001). Enfermería Geriátrica. Cuidados integrales en el anciano. Vol 2. Barcelona: Monsa Ediciones</li> <li>- Cobo Domingo JC (2008). Geriatría y Gerontología. Atención Integral al anciano. Logoss</li> <li>- Pérez Melero A (2008.reim). Guía de cuidados de personas mayores. Madrid: Síntesis</li> <li>- Luis Rodrigo MT. (2008). Los Diagnósticos Enfermeros. Revisión crítica y guía práctica. 8ª ed. Barcelona: Masson;</li> <li>- Salgado Alba A, Guillén LLera F, Ruipérez Cantera I (2002). Manual de Geriatría. 3ª ed.. Barcelona: Masson</li> <li>- Heather Herdman T (2010). NANDA Internacional Diagnósticos Enfermeros: Definiciones y Clasificación 2009-2011. Barcelona: Elsevier España S. L</li> <li>- Millán Calenti J C ( 2006). Principios de Geriatría y Gerontología. Madrid: McGraw- Hill. Interamericana</li> <li>- Guillén Llera F, Pérez del Molino Martín J, Petidier Torregrosa R. (2008). Síndromes y cuidados en el paciente geriátrico. 2ª ed. Barcelona: Elsevier Masson;</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

### Recomendacións

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

#### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Enfermería clínica III/750G01017  
 Enfermería Comunitaria II/750G01019  
 Estadias Clínicas III/750G01027

#### Materias que continúan o temario



Anatomía/750G01001

Psicoloxía/750G01003

Fisioloxía I/750G01005

Coidados Básicos en Enfermaría/750G01006

Fundamentos da Enfermaría/750G01007

Nutrición/750G01009

Fisioloxía II/750G01010

Farmacoloxía/750G01011

Ética profesional, marco legal e filosofía do coidado/750G01016

Estancias Clínicas I/750G01025

Estancias Clínicas II/750G01026

Enfermaría Clínica I/750G01034

Enfermaría Clínica II/750G01035

Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías